

ORDENANZA FISCAL NUMERO T13

Taxa por utilización de instalacións deportivas.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 58, en relación co artigo 20.1.B), ambos os dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais establece a taxa por utilización de instalacións deportivas, e outros servizos análogos de titularidade municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización de instalacións deportivas no Polideportivo Municipal, así como dos servizos de que o mesmo se atopa dotado.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten a autorización previa e preceptiva para a utilización das instalacións descritas no artigo 2º desta Ordenanza.

2. Serán responsables da débeda tributaria xunto aos suxeitos pasivos ou debedores principais:

- a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 40.1 da lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de lei.

Se establece unha bonificación do 50% a aquelas persoas que teñan a condición de socios de Amigos da Gaita Galega na taxa pola utilización do novo pavillón municipal.

O Concello se reservará con carácter gratuíto a favor da Asociación cinco días para a utilización exclusiva do polideportivo e que será solicitados cun mes de antelación.

Artigo 5º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria da taxa estará constituída, segundo o tipo de uso, polas seguintes tarifas:

- a) Utilización para adestramentos: 8,686890 Euros por hora.
- b) Utilización para actos deportivos: 20,269417 Euros por hora.
- c) Utilización para actos non deportivos: 43,434379 Euros por acto.

2. Para o caso de que o solicitante autorizado para a utilización das instalacións o fose tamén para o cobro do acceso de espectadores as tarifas anteriores incrementaranse cun 10 por 100 da recadación bruta final.

3. A utilización das instalacións fora do horario establecido para utilización do Pavillón Polideportivo terá un incremento das tarifas indicadas no número 1 anterior do 10 por 100.

Artigo 6º. Dereito á percepción da taxa.

1. Terase dereito á taxa e nace a obriga de contribuír dende que se presente a solicitude de autorización da utilización das instalacións deportivas.

2. Non se utilizará no Pavillón Polideportivo ningún servizo nin instalación que non fora previamente solicitado e autorizado polo órgano competente deste Concello, e sempre previo aboamento dos dereitos que se liquiden por cada un.

Artigo 7º. Normas de xestión.

1. A débeda tributaria derivada da taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo que ao tempo de presentación da solicitude de autorización da utilización das instalacións deportivas deberá acreditarse polo solicitante ter aboado o seu importe mediante impresión mecánica no propio documento de solicitude ou na notificación do acordo, no caso de que non exista aquela.

2. Non obstante o anterior, as liquidacións correspondentes a actividades de clubs ou entidades que concertaran a súa utilización durante unha temporada ou período similar, cobrarase mensualmente, ou na súa totalidade se así o prefere o club ou entidade correspondente.

3. No caso de establecerse calquera tipo de cobro mediante taquilla, deben facelo constar na solicitude, indicando os prezos que rexerán durante a temporada ou actividade concreta a realizar, e o Concello aplicará a porcentaxe que figura na tarifa. O Concello reservase o dereito de utilizar o non o cobro da recadación, así como o proceder a realizar pola súa conta o cobro por este concepto, e en todo caso, as entradas deben ser seladas e controladas polo Concello.

Artigo 8º. Obrigas e responsabilidades do usuario do servizo.

1. O solicitante asume o pagamento de todos os impostos e dereitos, así como as obrigas e responsabilidades que se puideran derivar do acto que organice.

2. No caso de esixirse fianza polo Concello, o Club, entidade ou persoa concesionaria depositará o importe sempre antes da utilización do Pavillón Polideportivo.

Artigo 10. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 a 89 da lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e comezará a súa aplicación o primeiro de xaneiro de dous mil oito.